

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Agrupación Deportiva Cortegada no que solicita, para a celebración do XX TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ”, os vindeiros días 27, 28 e 29 de marzo do presente ano, o seguinte:

- Autorización das dependencias do Recinto de Fexdega, 4 pistas polideportivas reglamentarias do Recinto de Fexdega co seu equipamento deportivo, así como 1 sala para as reunións dos árbitros, 4 seminarios para gardar a equipaxe dos equipos, 1 seminario/oficina para a o comité organizador e a zona da cafetería.

- Autorización de entrada no citado Recinto o día anterior ao evento para deixar e organizar o material do mesmo.

- Cesión de diverso material indicado no seu escrito (mesas, cadeiras, valados, mostradores para a cafetería, marcadores electrónicos, colectores, papeleiras,...).

- Dotación con tres tomas de corrente todas as pistas así como, a carpa central e a zona da cafetería.

- Habilitación e limpeza dos vestiarios e aseos públicos, así como a reposición de papel hixiénico.

- Habilitación dunha zona de asistencia médica, así como dunha zona de cafetería dentro do Recinto.

- Elaboración do deseño e impresión de cartelería en formato A0 (2 unidades), 50 carteis publicitarios en formato A3 e 4 impresións do cadro do Torneo en A0.

- Autorización para colocación dunha lona publicitaria do evento na parte exterior do Recinto Fexdega.

- Coordinación con Protección Civil durante a desenvolvemento do devandito Torneo.

- Concesión de 24 trofeos: 6 trofeos 1º clasificado , 2 trofeos gañador/a concurso de triples, 4 trofeos gañadores/ras Two Ball, 5 trofeos millor quinteto masculino, 5 trofeos millor quinteto feminino, 1 trofeo MVP feminino e 1 trofeo MVP masculino, así como medallas recordatorias para os participantes.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Autorizar á Agrupación Deportiva Cortegada o uso das pistas polideportivas do Recinto de Fexdega para o desenvolvemento do XX TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ”, co seu equipamento deportivo, os vindeiros días 27, 28 e 29 de marzo do presente ano. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso das devanditas instalacións deportivas, dado que, o uso das citadas instalacións poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lles presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Autorización dos espazos do Recinto Fexdega de: dos vestiarios, do seminario, unha oficina para gardar o material preciso para a competición, unha sala médica e a zona da cafetería. Comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependencias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

“1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación que

acredite tal circunstancia. Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación”

4.- Ceder o material que a continuación se relaciona para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:

- . 10 mesas.
- . Papeleiras nas pistas e bancadas, así como colectores de lixo.
- . Material de limpeza e mopas para limpeza das pistas.
- . Marcadores electrónicos en cada pista.
- . Toma de corrente nas mesas de cada pista.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidade de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, cesión de 400 cadeiras, 50 valadas, mesas e bancos necesarios para 50 persoas (zona de cafetería) e 10 mostradores para a montaxe da cafetería.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha pancarta publicitaria do devandito Memorial na fachada do Recinto Fexdega.
- Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, cunha ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios.
- Area de Comunicación, a súa petición da elaboración da cartelería do devandito evento.

6.- Conceder á devandita asociación 24 trofeos para a entrega de premios pola celebración do citado evento: 6 trofeos 1º clasificado , 2 trofeos gañador/a concurso de triples, 4 trofeos gañadores/ras Two Ball, 5 trofeos millor quinteto masculino, 5 trofeos millor quinteto feminino, 1 trofeo MVP feminino e 1 trofeo MVP masculino.

Indicarlle que no relativo a concesión das medallas, éstos deberán ser adquiridos polo organizador do evento.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou certificación da Federación Galega de Baloncesto conforme o evento deportivo é oficial e esta cuberto polo seguro das licenzas federativas (debendo indicar que cubren aos deportistas que veñan doutras comunidades)

No caso de que participe algún equipo extranxeiro, debera presentar o seguro de accidentes correspondente.

8.2) Elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

10.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente conforme a proposta do Comité Organizador e informe do Sr. Director Deportivo, relativa á aprobación de gastos dos 31º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, que se van levar a cabo o vindeiro día 7 de marzo do presente ano, no que a Fundación de Deportes se fará cargo do seguinte:

- Servicio de Ambulancia medicalizada por importe total de 1.080,00 €.
- Adquisición de medallas, por importe total de 330,60 €.

Así como, para a realización dos servizos e subministración sinalados anteriormente, presentáronse orzamentos das seguintes empresas, por importe total de 1.410,60 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
AMBULANCIAS BANDE S.L.	Servizo ambulancia medicalizada	1.080,00 €
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquisición medallas	<u>330,60 €</u>
	Total	1.410,60 €

Así como, vista a dilixencia do Sr. Inteventor en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar os gastos de coorganización con SPECIAL OLIMPICS GALICIA, para a celebración dos 31º XOGOS AUTONÓMICOS DE DEPORTES MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, que se van levar a cabo o vindeiro día 7 de marzo do presente ano, por importe total de 1.410,60 € (ambulancia medicalizada: 1.080,00 € e adquisición das medallas: 330,60 €).

2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a realización dos servizos e subministración, pola a celebración do devandito evento, por importe total de 1.410,60 €, a través de Contratos Menores de subministración e servizos e co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
AMBULANCIAS BANDE S.L.	Servizo ambulancia medicalizada	1.080,00 €	342-226,09
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquisición medallas	<u>330,60 €</u>	342-226,9901
	Total	1.410,60 €	

3.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por D. Jose Antonio Aragunde Dieste en representación do Club Triatlón Vilagarcía no que solicita autorización de uso do Pavillón Municipal de Guillán, para a celebración da I TRIZANCADAS SOLIDARIAS, o vindeiro día 8 de marzo do presente ano. Así como a cesión do material que a continuación se indica:

- Cesión de 8 mesas, 10 cadeiras e 4 carpas.
- Cesión e colocación do arco hinchable da Fundación de Deportes, así como de publicidade institucional do Concello e da Fundación de Deportes.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar a D. Jose Antonio Aragunde Dieste en representación do Club Triatlón Vilagarcía o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para a celebración da I TRIZANCADAS SOLIDARIAS, o vindeiro día 8 de marzo do presente ano, debendo indicar na maior brevidade posible o horario de uso da citada instalación.

Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións deportivas e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle o club deberá presentar antes do desenvolvemento da proba a autorización do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das correspondentes Comunidades de Montes por donde se desenvolve o evento no noso Concello.

3.- Aprobar a cesión dun arco de saída e a publicidade institucional da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das

dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de obras, a cesión de 4 carpas, 8 mesas e 10 cadeiras.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil durante o desenvolvemento da proba.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

6.2) Aportarse un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

6.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os

certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

8.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, cinco de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente relativa á necesidade de levar a cabo contratación do servizo de asistencia técnica on-line para levar a cabo o peche contable do exercicio 2025 da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, presentando presuposto a empresa BL España Software S.L.U B-41632332 (empresa adxudicataria do contrato de asistencia técnica para o peche da contabilidade do exercicio do 2025 do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, aprobado por Xunta de Goberno Local 24/11/2025 nas mesmas condición que se aprobaron na citada Xunta) por importe total de 1.452,00 € (I.V.E. engadido).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa BL España Software S.L.U B-41632332, o servizo de asistencia técnica on-line para levar a cabo o peche contable do exercicio 2025 da da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 1.452,00 € (I.V.E. engadido), con cargo á partida 342-227,9900.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA

OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, nove de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 27/02/2026, no que se aproba ao Club Vilagarcía S.D., para a celebración do II Torneo Prebenxamín Vilagarcía, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, a concesión de 3 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L., pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 39,50 € (IVE engadido).

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L., a adquisición de 3 trofeos para a entrega de premios no II Torneo Prebenxamín Vilagarcía, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, a través dun Contrato Menor de Subministración, por importe total de 39,50 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 27/02/2026, no que se aproba ao Club Vilagarcía S.D., para a celebración do III Torneo Benxamín Vilagarcía, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, a concesión de 3 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L., pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 39,50 € (IVE engadido).

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L., a adquisición de 3 trofeos para a entrega de premios no III Torneo Benxamín Vilagarcía, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, a través dun Contrato Menor de Subministración, por importe total de 39,50 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente conforme ao informe proposta da Dirección Deportiva relativo a aprobación e adxudicación dos gastos derivados da celebración do TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ”, que se vai a levar a cabo os vindeiros días 27, 28 e 29 do presente mes conforme a Resolución do Sr. Presidente con data 05/03/2026, e para o que se presentan presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 523,67 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. B36542330	Adquis. trofeos	235,00 €
CLECE, S.A. CIF A80364243	Limpeza extraor. Recinto Fexdega	<u>288,67 €</u>
Total		523,67 €

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar os gastos derivados da celebración do TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ”, que se vai a levar a cabo os vindeiros días 27, 28 e 29 do presente mes conforme a Resolución do Sr. Presidente con data 05/03/2026, e para o que se presentan presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 523,67 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.	Adquis. trofeos	235,00 €
CLECE, S.A.	Limpeza extraor.Recinto	<u>288,67 €</u>
Total		523,67 €

2.- Adxudicar ás citadas empresas a adquisición de trofeos e a realización do reforzo da limpeza da instalación na que se vai a levar a cabo o citado evento, a través de Contratos Menores de Servizos e Subministración, por importe total de 523,67 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. B36542330	Adquis. trofeos	235,00	342-226,9901
CLECE, S.A. CIF A80364243	Limpeza extraor. Recinto Fexdega	<u>288,67 .-</u>	342-227,00
	Total	523,60 €	

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos oss escritos presentados polo Club San Martín, no que solicitan autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para a celebración do V Torneo Ramiro Carregal Soccer Cup, que se vai levar a cabo os vindeiros días 3, 4 e 5 de abril do presente ano, así como a cesión do material que a continuación se relaciona:

- Carpas, mesas e cadeiras para habilitar unha zona de descanso, así como para a recepción/check in dos equipos, para repartir en ambos campos autorizados.
- Equipo de Son para o Campo de Fútbol Manuel Jiménez.
- Uso do espacio destinado a cantina-bar do Campo de Fútbol Manuel Jiménez
- Publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- Colocación de totems (comunicación) en Vilagarcía e Vilaxoán anunciando o torneo.
- Dous arcos hinchables (un para cada campo).
- Cesión dunha plataforma para a TV que linde coa cabina de prensa.
- Palco de 3x2 para o photocall.
- Autorización de uso do Centro Sociocultural de Fontecarmoa.
- Peche ao tráfico da Rúa Camilo Jose Cela ata a entrada ao Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club an Martín o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán e o Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para celebración do V Torneo Ramiro Carregal Soccer Cup, que se vai levar a cabo os vindeiros días 3, 4 e 5 de abril do presente ano. O uso das instalacións citadas anteriormente suporán a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que

supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001 no caso de ter que regar o terreo de xogo.

Comunicarlles que deberán indicar na maior brevidade posible o horario de uso das citadas instalación

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Remitir a solicitude de reserva de aparcadoiros nas inmediacións da instalación autorizada (Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do C.D.M. Fontecarmoa) e do peche da Rúa Camilo José Cela dende a entrada ao I.E.S. Fermín Bouza Brey para preservar a seguridade dos participantes á Xunta de Goberno Local conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello (8 fly banners e dous arcos hinchables) e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e reparación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Servizo de Obras, a cesión de mesas con bancos e carpas para a habilitación dun espazo de 30m², palco truss para photocall, 2 mesas palco para TV, así como 3 carpas, 3 mesas e 6 cadeiras para habilitar zona de recepción de xogadores no CF Manuel do C.D.M. Fontecarmoa.

. Servizo do Auditorio, a cesión de un equipo de son para o Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo.

. Departamento de Comunicación, coa colocación de totems en Vilagarcía e Vilaxoán anunciando o torneo.

. Concellería e Cultura, coa autorización de uso do Centro Social Fontecarmoa.

Indicarlle que a coincidencia con outros eventos pode imposibilitar a dotación de todo o material solicitado no seu escrito.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para o evento.

7.2) A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, ou no seu caso o certificado da federación correspondente conforme o evento e de carácter oficial e os participantes están cubertos polas licenzas deportivas, así como os deportistas que veñan doutras Comunidades Autónomas.

No caso de equipos extranxeiros, deberán presentar o seguro de accidentes correspondente.

7.3) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.4) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.5) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.6) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, dez de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os escritos do Club Baloncesto Vilagarcía no que solicita, para a celebración da XIX Vilagarcía Bakeet Cup Helena Mariño 26, os vindeiros días 2, 3, 4 e 5 de abril do presente ano, o seguinte:

- Autorización do uso das pistas deportivas do Recinto Fexdega, Pavillón Municipal Castelao, Pavillón Municipal de Guillán, Pavillón Sara Gómez e Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e o Pavillón I.E.S. Carril, así como apertura das citadas instalacións o vindeiro día 31 de marzo e 1 de abril do presente ano, para a montaxe do evento.
- Cesión de todo o material indicado no seu escrito (Graderío, valadas, canastras, marcadores, mesas, cadeiras, palcos, equipos de son, pantalla e proxector, casetas, puntos de corrente, regletas, barras de madeira para uso como bar, etc...).
- Montaxe dun escenario de 60 m² da altura de 1,30 m para actividades paralelas ao evento e para a entrega de premios, dotado con dúas escaleiras unha para subir e outra para baixar, que este dotado dun espazo para colocación da pantalla LED.
- Montaxe dun punto de control de 30m² dende se divisen as pistas do Recinto Fexdega.
- Autorización de uso dos vestiarios para os equipos e os árbitros nas devanditas instalacións así como a aprobación da limpeza dos vestiarios, aseos e zonas comúns, durante o desenvolvemento do citado evento.
- Autorización de uso nas dependencias do Recinto Fexdega, dun espazo para a montaxe dun bar, dous espazos con chave para gardar o material, dos vestiarios con auga quente.
- Autorización para a montaxe dun bar no pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- Reserva de zona de aparcadoiros en espazos públicos, nas cinco instalacións para a organización e os autobuses dos equipos participantes.
- Acceso dos vehículos da organización ao Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

- Colocación de lonas publicitarias da VBCup en diferentes zonas do Recinto Fexdega e a lona xigante no frontal exterior.
- Cesión e colocación das bandeiras protocolarias.
- Cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- Colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencia e Protección Civil, coa presenza dunha ambulancia e unha brigada, para poder estar cuberto a seguridade e primeiros auxilios no desenvolvemento do Torneo.
- A concesión de 17 trofeos para os diferentes gañadores das categorías disputadas.
- Impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.
- Dispoñibilidade nas instalacións solicitadas de banda ancha de internet.
- Autorización para a grabación con medios terrestres e aéreos dos espazos reservados para o evento.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do das pistas deportivas do Recinto Fexdega, Pavillón Municipal Castelao, Pavillón Municipal de Guillán, Pavillón Sara Gómez e Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e o Pavillón I.E.S. Carril con motivo da celebración do XIX Vilagarcía Basket Cup Helena Mariño 26, que se vai levar a cabo os vindeiros días 2, 3, 4 e 5 de abril do presente ano así como apertura das citadas instalacións o vindeiro día 1 de abril do presente ano, para a montaxe do evento, sempre e cando entregue toda a documentación requirida antes do día 30 de marzo.

Deberán indicar na maior brevidade posible o horario de apertura e peche das instalacións anteriormente indicadas, para poder organizar o servizo.

O tratarse de días festivos, xerará realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

Indicalles que no relativo a autorización do Pavillón Municipal Castelao-Helena Mariño, o aforo da citada instalación é de 100 persoas, contando con deportistas, adestradores,

árbitros e público, polo que o Club deberá tomar as medidas oportunas para garantir que, por cuestións de seguridade en ningún momento se exceda o aforo.

Así como, autorízasele levar a cabo o montaxe dende o vindeiro día 1 de abril do presente ano na franxa horaria de apertura das instalacións solitadas, indicándolles que o citado día suspenderanse os adestramentos no Recinto Fexdega para poder finalizar a montaxe. Debendo deixar o Recinto recollido o luns 6 de abril do presente ano.

2.- Comunicarlle que deberá deixar todas instalacións autorizadas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na devandita actividade.

3.- Autorizar a montaxe da cantina no exterior do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deporivo Municipal Fontecarmoa, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema.

2. Cumprimento da lexislación en relación a seguridade alimentaria, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da citada lexislación, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

b) Certificado de Manipulación de Alimentos, no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

4.- Autorización dos espazos do Recinto Fexdega: uso dos vestiarios, dunha oficina para gardar o material, do espazo da cafetería e do seminario, comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependencias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

“1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación que acredite tal circunstancia. Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das

instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación”

5.- Ceder o material, así como a realización dos traballos que a continuación se relacionan, para o desenvolvemento do devandito Torneo e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

- . Os xogos de canastras dos que dispón as pistas deportivas do Recinto Fexdega (5 xogos de canastra grande, 5 xogos canastras minibasket), así como o xogo 1 xogo de canastras minibasket que se trasladara do Pavillón Municipal de Carril. Ademais das existentes en cada unha das instalacións a utilizar.

- . 3 marcadores portátiles e 1 marcador de parede da propia instalación (Recinto Fexdega).

- . Repaso da marcaxe dos 5 campos de baloncesto.

- . Mando da lona divisoria do Pavillón Municipal Castelao-Helena Mariño.
- . Mopas nas instalacións solicitadas.
- . Solicitar a Urbaser os colectores de lixo para o Recinto Fexdega.
- . Cesión dos arcos hichables e publicidade institucional.

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de 500 cadeiras, 100 valadas, o montaxe de dous Palcos (escenario) de 60 m² (10x6) de 1,30 m de alto e outro de 30 m² (10x3), mesas e bancos para comer 200 persoas e barras de madeira para usar como bar coa imaxe do Concello.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha lona xigante co logo de Vilagarcía Basket Cup no exterior do Recinto Fexdega, así como das pancartas do interior.
- Departamento do Auditorio, un equipo de son.
- Departamento da Policía Local, informe de reserva de zona de aparcadoiros en espazos públicos, nas instalacións solicitadas para a organización e os autobuses dos equipos participantes.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil (ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios).
- Área de Comunicación, a impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.
- Departamento de Protocolo, a cesión de bandeiras oficiais.
- Concellería e Promoción Económica, a cesión de 4 casetas de madeira.

Indicarlles que non e posible acceder a cesión de todo o material que indican no seu escrito, dado que a coincidencia con outros eventos fai imposible a dotación do mesmo.

7.- Non se pode autorizar conforme a súa solicitude o seguinte:

- A cesión de 30 cadeiras para o público no Pavillón Municipal Castelao, dado que o aforo da instalación e de 100 persoas.
- Conexión de banda ancha, xa que o Recinto Fexdega non dispón dela, polo que terán que ser adquiridas pola organización do evento.

- O acceso dos vehículos da organización ao Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado que están coas obras de construción da ampliación da Piscina Cuberta Municipal.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

9.- Comunicarlle que para poder autorizar o inicio da montaxe do evento a partir do día 1 de abril do presente ano, o club terá que ter presentado o **luns 30 de marzo** do presente ano a seguinte documentación:

9.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para o evento.

9.2) A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento, ou no seu caso o certificado da federación correspondente conforme o evento e de carácter oficial e os participantes están cubertos polas licenzas deportivas, así como os deportistas que veñan doutras Comunidades Autónomas.

9.3) Plan de autoprotección que debe estar inscrito no REGAPE.

9.4) Aportarse un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

9.5) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

9.6) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

9.7) Cumprimento da lexislación en relación a seguridade alimentaria, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da citada lexislación, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

b) Certificado de Manipulación de Alimentos, no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

10.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

11.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a once de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 09/03/2026, no que se aproba ao Club Talitrus Fútbol Praia, para a celebración do I Torneo de Fútbol Praia, os vindeiros días 2, 3, 4 e 5 do presente mes, a concesión de 12 trofeos para a entrega de premios. Así como visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, para a aprobación do orzamento presentado por DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L., pola adquisición dos citados trofeos, por un importe total de 158,00 € (IVE engadido).

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L., a adquisición de 12 trofeos para a entrega de premios no I Torneo de Fútbol Praia, os vindeiros días 2, 3, 4 e 5 do presente mes, a través dun Contrato Menor de Subministración, por importe total de 158,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e tres de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. Encargado do Servizo de Mantemento das Instalacións Deportivas, relativa á necesidade de levar a cabo o MANTEMENTO (REVISIÓN E RETIMBRADOS) DE TODOS OS EXTINTORES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, para o ano 2026, para un total de 110 extintores repartidos polas diversas instalacións deportivas municipais, dado que o anterior contrato finaliza en febreiro de 2025, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, que indica que a devandita revisión deberá levarse a cabo anualmente

Así como, indica a necesidade de repoñer 26 extintores novos, xa que os algúns dos existentes agotaron a súa vida útil.

- 22 und. EXTINTORES POLVO ABC 6 KG.
- 4 und. EXTINTORES CO2 5 KG

Para a execución do citado traballo se solicitou un só presuposto á empresa especializada do sector RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), por importe total de 1.875,50 € (IVE engadido).

Así como vista dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.875,50 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-213,00, a execución dos traballos do MANTEMENTO (REVISIÓN E RETIMBRADOS) DE TODOS OS EXTINTORES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, para o ano 2026, para un total de 110 extintores repartidos polas diversas instalacións deportivas municipais, dado que o anterior contrato finaliza en

febreiro de 2025, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, que indica que a devandita revisión deberá levarse a cabo anualmente

Así como, a adxudicación da adquisición por necesidade de 26 extintores novos, xa que os algúns dos existentes agotaron a súa vida útil.

- 22 und. EXTINTORES POLVO ABC 6 KG.
- 4 und. EXTINTORES CO2 5 KG

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e tres de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente conforme ao informe proposta da Dirección Deportiva relativo a aprobación e adxudicación dos gastos derivados da celebración do XIX Vilagarcía Basket Cup Helena Mariño 26, que se vai a levar a cabo os vindeiros días 2, 3, 4 e 5 de abril do presente ano, conforme a Resolución do Sr. Presidente con data 11/03/2026, e para o que se presentan presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 1.643,36 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. B36542330	Adquis. trofeos	484,50 €
CLECE, S.A. CIF A80364243	Limpeza extraor.	1.158,86 €
Total		1.643,36 €

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar os gastos derivados da celebración do XIX Vilagarcía Basket Cup Helena Mariño 26, que se vai a levar a cabo os vindeiros días 2, 3, 4 e 5 de abril do presente ano conforme presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 1.643,36 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.	Adquis. trofeos	484,50 €
CLECE, S.A.	Limpeza extraor.	1.158,86 €
Total		1.643,36 €

2.- Adxudicar ás citadas empresas a adquisición de trofeos e a realización do reforzo da limpeza da instalación na que se vai a levar a cabo o citado evento, a través de Contratos Menores de Servizos e Subministración, por importe total de 1.643,36 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. B36542330	Adquis. trofeos	484,50 €
CLECE, S.A. CIF A80364243	Limpeza extraor. _____	1.158,86 €
Total		1.643,36 €

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e catro de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á necesidade de reposición das portas de acceso ao ximnasio municipal ubicado no Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado que se atopan deterioradas, non estando contemplado a súa substitución cando se levaron a cabo as obras de millora do citado pavillón, e para o que se presentou presuposto da empresa MADERAS J. REDONDO, S.L., por importe de 844,58 € (I.V.E. engadido).

Así como vista dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa MADERAS J. REDONDO, a adquisición por reposición das portas de acceso ao ximnasio municipal ubicado no Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado que se atopan deterioradas, a través dun Contrato Menor de Subministración, por importe total de 844,58 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-212,00.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B

Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e catro de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo Club de Remo Vilaxoán, no que solicita para a celebración da Regata de Bateis pertencente a Liga Galega que se vai a levar a cabo no porto de Vilaxoán o vindeiro día 2 de abril do presente ano, o seguinte:

- Cesión e instalación de 2 palcos toldados e 14 valadas.
- Cesión dun equipo de megafonía.
- A colaboración do Servizo de Protección Civil durante o desenvolvemento da proba.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Comunicarlle ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da Regata de Bateis pertencente a Liga Galega que se vai a levar a cabo no porto de Vilaxoán o vindeiro día 2 de abril do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado. Así como deberán concretar o horario do evento.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

- Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil.
- Póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no seu caso o certificado da Federación correspondente no que indique que a competición é oficial.
- Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de Obras, a cesión e instalación de dous palcos toldados e 14 valadas.
- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de colaboración cunha ambulancia e unha embarcación durante o desenvolvemento da proba.
- . Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de Megafonía.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e catro de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado pola Federación Galega de Baloncesto, no que solicita autorización da sala de prensa do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para reunións-xestións administrativas cos clubs da delegación arousana de baloncesto, de luns a venres durante a tempada 2025/26 en horario de 18:00-20:00 horas.

Así como visto o informe do Sr. Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar a Federación Galega de Baloncesto en precario o uso da sala de prensa do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, co motivo de organizar reunións-xestións administrativas cos clubs da delegación arousana de baloncesto, os xoves e venres en horario de 19:00-22:00 horas durante a tempada 2025/26.

Indícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Indiarlle que deberán ter unha persoa responsable no deseenvolvemento das citadas reunións durante o uso da devandita instalación.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbra-selle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a vinte e catro de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por D. Manuel Romero Vázquez en representación do ximnasio Wonder Company, no que solicita para a celebración do evento V Hyrox Wonder Vilagarcía que se vai a levar a cabo no citado ximnasio os vindeiros días 23 e 24 de maio do presente ano, a cesión de 8 valadas.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Transladar ao departamento de obras a solicitude de D. Manuel Romero Vázquez en representación do ximnasio Wonder Company, de cesión de de 8 valadas, con motivo da celebración do V Hyrox Wonder Vilagarcía que se vai a levar a cabo no citado ximnasio os vindeiros días 23 e 24 de maio do presente ano, para a súa aprobación se procede.

2.- Comunicarlle que o citado evento deberá contar con Seguro de Responsabilidade Civil e seguro de accidentes conforme establece a normativa vixente na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente conforme ao informe proposta da Dirección Deportiva relativo a aprobación e adxudicación dos gastos derivados da celebración do V TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CAP M16, que se vai levar a cabo os vindeiros 3, 4 e 5 de abril do presente ano, aprobada a súa celebración pola Resolución do Sr. presidente con data 11/03/2026, e para o que se presentan presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 409,22 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. B36542330	Adquis. trofeos	137,95 €
CLECE, S.A. CIF A80364243	Limpeza extraor.	271,27 €
Total		409,22 €

Asemade vista a dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar os gastos derivados da celebración do V TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CAP M16, que se vai levar a cabo os vindeiros 3, 4 e 5 de abril do presente ano conforme presupostos das empresas que a continuación se indican por importe total de 409,22€:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.	Adquis. trofeos	137,95 €
CLECE, S.A.	Limpeza extraor.	271,27 €
Total		409,22 €

2.- Adxudicar ás citadas empresas a adquisición de trofeos e a realización do reforzo da limpeza da instalación na que se vai a levar a cabo o citado evento, a través de Contratos Menores de Servizos e Subministración, por importe total de 409,22 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. CIF B36542330	Trofeos participantes	137,95 €	342-226,9901
CLECE, S.A. CIF A80364243	Limpeza extraordinaria	271,27 €	342-227,00
	Total	409,22 €	

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistas e comprobadas as solicitudes de inscricións presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30007, do 3º CURSO DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS PARA ADULTOS, curso 2025/26, cun total de 699 solicitudes co seguinte desglose:

<u>PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:</u>	<u>Nº SOLICITUDES</u>
- XIMNASIA FUNCIONAL	300
 <u>PROGRAMA VILAGARCIA EN FORMA:</u>	
- XIMNASIA DE MANTEMENTO	116
- XIMNASIA ACUÁTICA	69
- PILATES	322
- IOGA	118
- AEROBIC	55
- ESTIRAMENTOS	166

Así como vistos os informes do Sr. director Deportivo en relación ao asunto, no que sinala que:

- A anulación o grupo 2 da Actividade de Ximnasia Acuática e o grupo 6 de Estiramientos e Relaxación, dado que non se chegou ao mínimo de 10 solicitudes para poder facer grupo, conforme o establecido no Proxecto de Actividades Físico Deportivas, curso 2025/26, dando a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Aprobar as 699 solicitudes de inscrición no 3º CURSO DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS PARA ADULTOS, 2025/26, presentadas dende o 2 ao 20 de marzo de 2026, periodo ordinario co seguinte desglose:

<u>PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:</u>	<u>Nº SOLICITUDES</u>
- XIMNASIA FUNCIONAL	300
<u>PROGRAMA VILAGARCIA EN FORMA:</u>	
- XIMNASIA DE MANTEMENTO	116
- XIMNASIA ACUÁTICA	69
- PILATES	322
- IOGA	118
- AEROBIC	55
- ESTIRAMENTOS	166

2.- Anular os grupos de actividade nos que as solicitudes de inscricións non chegaron ao mínimo conforme ao Proxecto de Actividades físico deportivas de adultos, tempada 2025/26, no que se establece o máximo-mínimo de persoas por grupo (máximo de 30 e mínimo de 10 persoas /grupo): Ximnasia Acuática grupo 2 e Estiramientos e Relaxación grupo 6.

3.- Aprobar un periodo extraordinario de solicitude se inscricións no 3º Curso de Actividades Físico Deportivas para Adultos dende o 7 ao 10 de abril do presente ano.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e seis de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista o informe-proposta do Sr. Presidente coforme o informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á aprobación da participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XVI XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se van a celebrar do 5 ao 10 de xullo do presente ano na cidade de Santiago de Compostela, cunha expedición de 52 persoas, formada por 43 deportistas, 7 adestradores e 2 representantes da Fundación de Deportes, saíndo o día 05/07/2026 pola mañá e regresando o día 06/07/2026 os deportistas participantes na modalidade de atletismo e o día 10/07/2026 ao mediodía os deportistas participantes na modalidade de balonmán. Presentando un orzamento de gastos por importe total de 14.483,55 € co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
- Equipación da expedición (52 equipaxes rúa e 43 de competición)	4.500,00
- Viseiras para equipación de rúa	200,00
- Servizo de autobuses ida/volta Vilagarcía-Santiago de Compostela	1.500,00
- Aloxamento/manutención dos deportistas e adestradores (60,00 €/día)	7.410,00
- Dietas coordinador (5 días)	516,85
Locomoción coordinador	56,70
Imprevistos	<u>300,00</u>
TOTAL	14.483,55 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XVI XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se van a celebrar do 5 ao 10 de xullo do presente ano na cidade de Santiago de Compostela, cunha expedición de 52 persoas, formada por 43 deportistas, 7 adestradores e 2 representantes da Fundación de Deportes, saíndo o día 05/07/2026 pola

mañá e regresando o día 06/07/2026 os deportistas participantes na modalidade de atletismo e o día 10/07/2026 ao mediodía os deportistas participantes na modalidade de balonmán.

2.- Aprobar o orzamento de gastos para a participación nos devanditos Xogos, por importe total de 14.483,55 € co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
- Equipación da expedición (52 equipaxes rúa e 43 de competición)	4.500,00
- Viseiras para equipación de rúa	200,00
- Servizo de autobuses ida/volta Vilagarcía-Santiago de Compostela	1.500,00
- Aloxamento/manutención dos deportistas e adestradores (60,00 €/día)	7.410,00
- Dietas coordinador (5 días)	516,85
Locomoción coordinador	56,70
Imprevistos	<u>300,00</u>
TOTAL	14.483,55 €

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente, conforma o informe-proposta do Sr. encargado do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, relativa a necesidade urxente da adquisición de pintura para o marcaxe das liñas regulamentarias dos Campos Municipais de Herba Natural de A Lomba e do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, de cara a ter o terreo de xogo en óptimas condicións para o desenvolvemento dos adestramentos e competicións oficiais, para o que se presenta un so presuposto da empresa RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE S.L., por importe total de 910,69 € (IVE engadido).

Asemade vista dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE S.L., con CIF B31669070, pola adquisición de pintura para o marcado dos campos de herba natural das instalacións deportivas municipais, a través diun contrato menor de subministración por importe total de de 910,69 € (IVE engadido), con cargo a partida 342-227,9902.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr Presidente, conforma o informe-proposta do Sr. encargado do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, relativa a necesidade da reparación da máquina segadora Dennis Premier 36 dos campos de herba natural municipais, dado que co paso do tempo e debido o seu uso precisa accións de mantemento da mesma, non dispoñendo o servizo municipal nin das ferramentas específicas nin dos repostos orixinais para poder levar a cabo as reparacións precisas con garantías de uso, para o que se presenta un só presuposto da empresa DELTACINCO LINEA VERDE, S.L. empresa especializada no sector, por importe total de 1.390,77 € (IVE engadido).

Asemade vista dilixencia do Sr. Interventor Xeral en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DELTACINCO LINEA VERDE, S.L. con NIF B34161927, a reparación da máquina segadora Dennis Premier 36 dos campos de herba natural municipais, a través dun contrato menor de servizos por importe total de de 1.390,77 € (IVE engadido), con cargo a partida 342-213,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e seis, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.